

TEMA 5.- O IMPERIALISMO E A PRIMEIRA GUERRA MUNDIAL

VII.- CAUSAS DA PRIMEIRA GUERRA MUNDIAL


VIII.- O DESENVOLVIMENTO DO CONFLITO

IX.- A ORGANIZACI3N DA PAZ

A.- A CONFERENCIA DE PARÍS

B.- A SOCIEDADE DE NAÇÕES

X.- O BALANCE DA GUERRA



VII.- CAUSAS DA GUERRA

A Primeira Guerra Mundial desencadeouse en 1914 como consecuencia directa dun acontecemento puntual: *o asasinato en Saraxevo (capital de Bosnia-Herzegovina) do herdeiro da Coroa de Austria-Hungría, Francisco Fernando, e da súa dona o 28 de xuño.*

Bosnia-Herzegovina era un territorio enclavado nos Balcáns, pertencente dende 1907 ao Imperio Austro-húngaro (aínda que con anterioridade formara parte do Imperio Turco). O asasino, *Gavrilo Princip*, pertencía a unha sociedade secreta chamada “*Defensa do Pobo*” que quería conseguir a incorporación de Bosnia-Herzegovina a Serbia para formar un gran Estado eslavo na rexión balcánica.

Os austríacos, que contaban co apoio de Alemaña, atoparon así unha xustificación para declarar a guerra a Serbia, quen contaba pola súa parte coa protección de Rusia. Isto sucedía o **28 de xullo de 1914**. Entre esa data e o 4 de agosto o conflito xeneralizouse coa entrada no mesmo de diversos países en función da existencia dunhas alianzas que se estableceran con anterioridade.

? 1.- Que acontecemento **provocou** o desencadeamento da Primeira Guerra Mundial? Cando e onde se produciu? Explica as súas **consecuencias**.

1914-1918



VII.- CAUSAS DA GUERRA

? 1.- Que acontecemento **provocou** o desencadeamento da Primeira Guerra Mundial? Cando e onde se produciu? Explica as súas **consecuencias**.

O 28 de xuño de 1914 foi asasinado o herdeiro da Coroa austro-húngara, Francisco Fernando, en Saraxevo, capital de Bosnia (ocupada polos austriacos desde 1907). O atentado foi realizado por un estudante nacionalista serbio de orixe bosnio.

*As autoridades austriacas, que contaban co apoio alemán, acusaron a Serbia de instigar o atentado e esixíronlle que depurara responsabilidades polo ocorrido. Pero o ultimátum foi rechazado polos serbios, que contaban co apoio dos rusos. O atentado convertiuse así na **chispa** que puxo en marcha o sistema de alianzas militares establecido con anterioridade. O que parecía unha nova crise nos Balcáns convertiuse nunha reacción en cadea, que deu lugar ao maior conflito bélico vivido ata ese momento en Europa (a **Gran Guerra**). A implicación das colonias dos países europeos e tamén dos EEUU e Xapón deulle unha **dimensión mundial**.*

“De súpeto, un mozo empuñando unha pistola Browning chegou ata o automóbil e fixo cinco disparos, primeiro sobre o archiduque e despois sobre a súa dona (...). Os dous feridos foron trasladados a Konak, onde se lles prodigou todo xénero de auxilios. Desgracidamente, todo iso resultou inútil, e os dous esposos (...) faleceron aos poucos momentos de chegar ao palacio”.

ABC, luns 29 de xuño de 1914



O factor puntual citado non debe ocultar a realidade. A guerra foi o resultado de factores máis profundos. Destacan os seguintes:

► O aumento da rivalidade entre as potencias europeas co obxectivo de lograr a hexemonía no continente. Dita rivalidade concretábase na existencia de diferentes enfrontamentos, entre os que podemos destacar:

- Entre Francia e Alemaña, debido a diversas cuestións: o desexo común de exercer o dominio na Europa continental; a disputa sobre os territorios de Alsacia e Lorena (en poder de Alemaña dende 1871)...

- Entre Gran Bretaña e Alemaña, baseada na disputa polo predominio marítimo dende os puntos de vista militar e comercial.

- Entre Rusia e Austria-Hungría, rivalidade centrada sobre todo no seu obxectivo común de estender a súa influencia nos Balcáns.

► A competencia entre os países imperialistas por controlar os mercados coloniais. Isto orixinou moitas situacións de conflito que contribuíron a empeorar as relacións internacionais e a crear un ambiente de confrontación. Servan como exemplo destas situacións de conflito a crise entre franceses e alemáns pola cuestión de Marruecos, a guerra ruso-xaponesa polo control de Manchuria, a guerra anglo-boer en Sudáfrica, ...

Europa antes de 1914



? 2.- Cal era a **razón da rivalidade** existente entre as nacións europeas? En que **enfrontamentos** se concretaba?

3.- Por que se considera ao **Imperialismo** como **causante** do conflito?

? 2.- Cal era a **razón da rivalidade** existente entre as nacións europeas? En que **enfrentamentos** se concretaba?

Os **aspectos políticos resultaron fundamentais para o inicio do conflito**, pois as distintas rivalidades territoriais que enfrontaban aos Estados non foron resoltas pola vía da diplomacia.

Alemaña e Francia pugnaban polas rexións fronterizas de Alsacia e Lorena, ocupadas por Alemaña tras a guerra franco-prusiana en 1870. Durante as seguintes xeracións, os franceses foron educados baixo un forte sentimento de vinganza, e a súa recuperación converteuse nunha prioridade para o Goberno francés.

“O Imperio alemán converteuse nun Imperio mundial. Por todas as partes, nas rexións máis remotas do globo, viven millóns de compatriotas nosos. Os produtos alemáns, a ciencia alemá, o espírito de empresa alemán atravesan os océanos. As riquezas que Alemaña transporta a través dos mares cífranse en miles de millóns”.

Discurso de Guillerme II, 1896.

As **rivalidades económicas** entre países acrecentáronse desde principios de século pola competencia comercial. Alemaña, debido ao crecemento industrial e financeiro experimentado na segunda metade do s.XIX, pasou a estar en condicións de cuestionar o liderazgo comercial e naval dos británicos como gran potencia económica.





3.- Por que se considera ao **Imperialismo** como **causante** do conflito?

Outro foco de tensión estivo nos **enfrentamentos coloniais**. A Conferencia de Berlín (1885) intentara establecer medidas de acordo e arbitaxe entre os Imperios, pero o ascenso de potencias como Alemaña, que tiña chegado con retraso á carreira colonial, volveu a reabrir conflitos entre os países europeos. A principios do s. XX, Marrocos foi o escenario principal deses enfrentamentos.

A crise marroquí

En 1905 Alemaña enfrontouse con Francia, España e Reino Unido ao apoiar a independencia marroquí fronte aos plans franco-británicos de implantar un protectorado hispano-francés en Marrocos. No ano 1911 volveu a opoñerse á ocupación militar francesa de Marrocos apoiando a insurrección no Sur do país. A alianza franco-británica resistiu a presión e negociouse unha solución ampliando, como compensación, as colonias alemáns en Togo e Camerún.



► As reivindicacións de carácter nacionalista.

Adquiriron un novo auxe a finais do século XIX e a comezos do XX, especialmente na rexión balcánica. Os Balcáns eran unha zona na que coincidían intereses enfrontados que levaron a conflitos continuos (crises balcánicas de 1908-1909 e 1912-1913).

Estas reivindicacións eran protagonizadas en ocasións por “minorías nacionais” (croatas, polacos, checos,...) que pedían a súa liberación con respecto aos Imperios que as oprimían (como o ruso ou o austro-húngaro). Noutros casos o nacionalismo estaba representado por países que pretendían aumentar o seu territorio por medio da anexión doutros Estados (caso de Serbia). Isto sen esquecer os intereses dos grandes Imperios (como o ruso, o alemán ou o austro-húngaro) desexosos de incrementar a súa influencia na zona balcánica debido á súa importancia estratéxica.

- ? 4.- En que lugar de Europa se manifestaron **reivindicacións de carácter nacionalista** a finais do século XIX e comezos do XX? En que **consistían** estas reivindicacións?




O xornal francés Le Petit Journal reflectiu nas súas portadas as tensións previas á Primeira Guerra Mundial. A caricatura mostra a pugna dos Imperios austro-húngaro, ruso e turco polo territorio dos Balcáns.

? 4.- En que lugar de Europa se manifestaron claramente **reivindicacións de carácter nacionalista** a finais do século XIX e a comezos do XX? En que **consistían** estas reivindicacións?




Os **conflictos nacionalistas** en Imperios multinacionais, como o austrohúngaro e o turco, enfrontaban as distintas nacionalidades co poder imperial e entre si. O Imperio otomán perdeu de forma progresiva posesións nos **Balcáns** ao longo do s. XIX. Aproveitando esa decadencia Austria-Hungría aspiraba a aumentar o seu poder na zona. Pero enfrontábase ás ambicións de Serbia e do Imperio ruso que tamén querían ampliar a súa influencia. A anexión de Bosnia-Herzegovina en 1908 ao Imp. austrohúngaro agravou as tensións e orixinou a sucesión en poucos anos de dúas guerras, que consolidaron a potencia da zona. Este liderazgo alarmou a Austria-Hungría que temía un levantamento xeral dos pobos eslavos baixo o seu dominio. Por iso buscou o apoio de Alemaña fronte a Rusia.



► A existencia dunha **diplomacia de pactos secretos de seguridade e defensa** que acabaría orixinando o enfrontamento de dous bloques de países: *a Triple Alianza e a Triple Entente*.

- A **Triple Alianza** era un pacto que databa da época na que Bismarck era o primeiro ministro alemán e quen dirixía a política europea. Asinado en **1882**, tratábase dunha alianza de carácter defensivo na que participaban: **Alemaña, Austria-Hungría e Italia**. Pretendía garantir o apoio entre estes países fronte a posibles agresións doutros Estados ou en caso de conflitos contra outras nacións (especialmente Francia).



- A **Triple Entente** foi a resposta ao pacto anterior, promovida por Francia para saír do cerco diplomático e do illamento internacional ao que lle conducira a política diplomática do ministro alemán Bismarck. Este pacto conseguiu o entendemento entre **Francia, Gran Bretaña e Rusia** en **1907** e tiña uns obxectivos semellantes aos da Triple Alianza.

► O malestar existente entre as grandes potencias orixinou ademáis unha **carreira de armamentos**. Aprobáronse leis que aumentaban a duración do servizo militar e dos gastos dedicados a armamento. Os Estados investiron grandes sumas de diñeiro en fabricar armas (canóns, obuses, metraladoras...), construír barcos de guerra e adestrar ás súas tropas. A principios do s.XX, **todos se preparaban para a guerra e calquera incidente podía desencadear o conflito**.

? **5.-** Define os conceptos de **Triple Alianza** e **Triple Entente**.

6.- Como se poñían de manifesto as **políticas armamentistas** da época?

7.- Realiza un **esquema** das **causas** da guerra.

? 5.- Define os conceptos de *Triple Alianza* e *Triple Entente*.

O período que vai desde a última década do s.XIX a 1914 coñécese co nome de “*Paz Armada*”. As potencias lanzáronse a un complexo sistema de alianzas militares para prepararse ante un posible enfrontamento. En 1882, Alemaña, Austria-Hungría e Italia firmaron a *Triple Alianza*. Francia, temerosa do poderío militar e do expansionismo alemán aliouse con Rusia e mellorou as súas relacións con Gran Bretaña, deterioradas polas disputas coloniais. As tres potencias remataron firmando a *Triple Entente* en 1907.


A diplomacia non foi capaz de evitar o conflito. Moi ao contrario, a configuración de dous bloques contribuíu a aumentar as tensións, pois a participación dalgún dos socios nun conflito arrastraría aos seus aliados á guerra. Desta forma creouse nos diferentes países un *ambiente favorable á guerra, considerada como un medio lexítimo para resolver os conflitos*, medida apoiada polos xefes militares e políticos, así como polas masas populares que confiaban na superioridade da súa nación fronte ás demais (nacionalismo agresivo).



? 6.- Como se poñían de manifesto as **políticas armamentistas** da época?

As distintas **potencias europeas preparaban con decisión as súas armas e exércitos** ante un conflito que parecía inevitable.

Todos se sentían ameazados polos logros dos adversarios e procuraban contrarrestar con novas e mellores armas, municións ou avances loxísticos (trens para mobilizar tropas, telégrafos para establecer comunicacións, portos con máis capacidade de ancoraxe para buques de guerra...)



“Francia non está aínda preparada para o combate. Inglaterra enfróntase a dificultades interiores e coloniais. Rusia rexeita a guerra, porque teme a revolución interior. Imos esperar a que os nosos adversarios estean preparados?... O exército austríaco é aínda fiel e útil. Italia está aínda firmemente ligada á Triple Alianza... Isto non quere dicir que debemos provocar a guerra; pero alá onde se manifeste un conflito de intereses... non debemos retroceder, senón solucionalo mediante a guerra..., pouco importa o pretexto, porque non se trata dese conflito, senón do noso porvir, que é o que está en xogo”.



Diario alemán
Die Post, 24-2-1914

Durante a etapa da Paz Armada foi creándose nos diferentes países un ambiente favorable á guerra, alentado moitas veces por medio dunha propaganda belicista potenciada desde os gobernos a través de activas campañas de prensa. Considerábase a guerra como algo necesario e inevitable e o remedio ideal para satisfacer os proxectos políticos dos diversos Estados.

Unha vez iniciada a guerra todos os países, sen excepción, trataron de xustificar o conflito ante a súa poboación (que sufriría as consecuencias máis terribles), embarcándose en campañas publicitarias (carteles de propaganda, panfletos, viñetas...) destinadas a obter o control das masas dos seus respectivos Estados. Utilizouse de forma recorrente a exaltación da patria e o odio ao inimigo como forma de comprometer a toda a poboación no conflito. Recorreuse á censura na prensa e manipuláronse os comunicados militares para manter o optimismo e confianza na vitoria. Os pacifistas e socialistas opostos á guerra foron detidos e silenciados.



? 7.- Realiza un **esquema** das **causas** da guerra.

LA PRIMERA GUERRA MUNDIAL



LA CAUSA INMEDIATA DE LA GUERRA: EL ATENTADO DE SARAJEVO

1914

28 junio asesinato del archiduque Francisco Fernando, heredero del trono austro-húngaro.

23 julio ultimátum de Austria-Hungría rechazado por Serbia.

28 julio declaración de guerra. Reacción en cadena de las alianzas europeas.

